

PROXECTO DE INNOVACIÓN LINGÜÍSTICA EN LINGUA GALEGA
PARA DESENVOLVER NO CURSO ACADÉMICO 2007-08
*IMPULSO Á NORMALIZACIÓN DO GALEGO NO SECTOR DE
SERVIZOS XURÍDICOS (NOTARÍAS, AVOGACÍAS, XESTIÓN DE
PREDIOS...) E NO ASOCIACIONISMO EN XERAL DO CONCELLO DE
RIBADEO.*

PRESENTADO POLO IES PORTA DA AUGA DE RIBADEO

1. PRESENTACIÓN

O presente proxecto preséntase ao abeiro da Resolución conxunta do 28 de maio de 2007 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se aproban as bases e se convocan premios a proxectos de innovación en normalización de centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para desenvolver no curso académico 2007-08.

Este proxecto consiste na elaboración en galego de todo tipo de materiais destinados ao sector dos profesionais relacionados cos servizos xurídicos en xeral (notarías, avogacías, empresas de xestión de predios...), así como ao asociacionismo en xeral (asociacións de veciños, comunidades de montes, deportivas...) do concello de Ribadeo. Presentámolo, polo tanto, baixo o título *IMPULSO Á NORMALIZACIÓN DO GALEGO NO SECTOR DE SERVIZOS XURÍDICOS (NOTARÍAS, AVOGACÍAS, XESTIÓN DE PREDIOS...) E NO ASOCIACIONISMO EN XERAL DO CONCELLO DE RIBADEO.*

Coincidimos coa parte expositiva da resolución en que a adquisición de linguas se fai en boa medida nas variadas situacións de comunicación que se producen fóra das clases de idioma e en que é imprescindible o uso do galego en diferentes contextos para acadar o seu pleno dominio. Cremos, polo tanto, que para garantir o coñecemento da lingua galega resulta imprescindible desenvolver actitudes positivas cara ao seu emprego, así como habilitar outras medidas que favorezan o seu uso oral e escrito dentro e fóra das aulas. A ese obxectivo de desenvolver actitudes positivas cara ao uso do galego vai enfocado, basicamente, este proxecto.

E con esa creación de actitudes positivas referímonos tanto ao contorno –profesionais de notarías, avogados, empresas de xestión de predios... e persoas demandantes dos seus servizos, así como a directivas de todo tipo de asociacionismo: de veciños, comunidades de montes, deportivas...–, como ao ámbito interno do centro, especialmente no referido ao alumnado. Con respecto a este último, pensamos que esas actitudes positivas se irán xerando tanto durante o proceso de elaboración dos materiais escritos –ao ir constatando o interese social do traballo que se estea a facer–, como no momento de facer pública a campaña, dando a coñecer os resultados, para que a partir de aí poidan pasar a ser

patrimonio, non xa só das persoas directamente destinatarias, senón tamén do público en xeral.

Polo tanto, aínda que dunha primeira visión superficial se poida derivar que se trata dun proxecto moi enfocado cara a fóra da comunidade educativa, consideramos que non é así, senón que ese aspecto esóxeno de reforzamento positivo vai ter tamén unha clara translación e repercusión interna. É dicir, que coa realización deste proxecto pensamos que se pode conseguir no seo da comunidade educativa un cambio de consideración en positivo da nosa lingua, máis importante do que ás veces se logra de actuacións positivas circunscritas ao ámbito interno do centro, pero que non se ven contrastada con esa repercusión social fóra do ámbito educativo, da que carecen.

Igualmente, coincidimos coa parte expositiva da resolución na obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e de potenciar o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e formativa, así como dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento, polo que a Administración educativa debe fomentar o uso da lingua propia de Galicia. Concordamos tamén co que o propio Plan xeral de normalización da lingua galega conclúe de que a realidade social e os novos retos nos que nos movemos demandan que a galeguización dos centros se prolongue no contorno que os rodea, presentando o galego como lingua de futuro que é. Con esta iniciativa, intentamos así, conxuntamente con outras institucións, contribuír a ese labor de galeguización no contorno, proceso ao que non debemos permanecer indiferentes.

Cremos, ademais, que unha idea importante para lle transmitir ao alumnado é que o futuro da nosa lingua non pode descansar exclusivamente na implementación de políticas a prol da normalización por parte dos poderes públicos, ao non ser indiferentes as políticas que se deseñen da situación real e da demanda social do proceso normalizador, como tampouco o é a eficacia na aplicación e cumprimento destas. Cómpre que a cidadanía, especialmente a xuventude, se decante a favor do noso idioma, e que no seo desta última aparezan axentes activos a favor da normalización. A isto último pensamos que tamén debe contribuír a realización deste proxecto

2. CONCRECIÓN DO PROXECTO

O proxecto consiste fundamentalmente, como xa se apuntou, na elaboración de todo tipo de materiais escritos en galego destinados ao sector dos profesionais relacionados cos servizos xurídicos en xeral (notarías, avogacías, empresas de xestión de predios...), así como ao asociacionismo en xeral (asociacións de veciños, comunidades de montes, deportivas...) do concello de Ribadeo.

Por citar algúns exemplos referidos a notarías, podemos pensar nos diversos tipos de contratos civís (arrendamentos e compravenda de predios rústicos e urbanos, permutas, cesións, doazóns, constitucións de sociedades civís...) e mercantís (contratos dos

distintos tipos de sociedades mercantís: SA, SL...). O abano de documentación sería o máis amplo posible, tratando de facilitar en soporte informático unhas bases de modelos similares ás que utilizan estes profesionais actualmente, pero que están en español. Sabemos que existe algún tradutor en liña e algunhas outras iniciativas que, sen dúbida, poden ser de grande axuda. A nosa función non é, polo tanto, entrar en competencia con estas ferramentas, senón, utilizando estas, presentar esta documentación o máis completa e ultimada posible para, *mutatis mutandis*, que sexa utilizada na práctica diaria do xeito máis doado. Ademais, pensamos que dende o IES o que debemos facer con respecto a todas as outras iniciativas que poidan facilitar esa normalización que se persegue é, na medida do posible, contribuír ao seu coñecemento polos destinatarios interesados, favorecendo así a súa utilización.

Somos conscientes de que o ínfimo nivel de presenza do galego neste sector ao que nos estamos referindo obedece a tres razóns de índole práctica: peso da inercia a favor do castelán, idioma co que os profesionais do sector se senten máis capacitados ou cómodos; carencia de ferramentas informáticas en galego que faciliten o traballo; falta de demanda social a favor da utilización do noso idioma por parte dos solicitantes do servizo. Ocorre así que se un cliente demanda unha escritura ou un documento en galego, é frecuente que o profesional lle diga que el non llo pode facer por falta de tempo... ou, cando menos, que intente convencelo de que desista da súa actitude xa que, despois de todo, non é un aspecto tan importante. Diante desta perspectiva, persoas, en principio favorables ao galego, desisten cedendo con frecuencia na súa demanda, ou incluso non a chegan a formular, deixándose levar. Polo tanto, para vencer este círculo vicioso cómpre facilitar o traballo destes profesionais na utilización do galego, publicitar a iniciativa e, finalmente, contribuír á demanda de servizos en galego por parte dos usuarios.

No caso das empresas de xestión de predios, importantes debido á gran cantidade de documentación que xeran (comunidades de propietarios de edificios, por exemplo), e nos distintos tipos de asociacións (de veciños, comunidades de montes veciñais, deportivas, etc.) pensamos que a documentación para facilitar serían modelos de actas, solicitudes, reclamacións, recursos, etc. Neste caso, especialmente no caso do asociacionismo, as dificultades de carácter técnico teñen moita menor importancia, aínda que en moitas asociacións –especialmente no ámbito deportivo, se cabe– preséntase unha inercia a favor do español e en contra do galego que é necesario contrarrestar. Pensamos que o fornecemento dun abano amplo de modelos de documentación, coidados e ben feitos, vai contribuír ao incremento da nosa lingua.

En todos os casos anteriores, a documentación entregaríase en formato CD-ROM escrita cun procesador de texto de uso estendido. No caso de notaría, avogados..., estamos pensando na elaboración dun glosario con xiros propios da linguaxe xurídica e para os que os tradutores informáticos incorren en erros frecuentes, fácil de usar tamén dende o procesador de textos.

Finalmente, cremos que para que a campaña teña o realce social necesario, cómpre a colaboración das institucións públicas e, sobre todo, do Concello de Ribadeo, a través do seu Servizo de Normalización Lingüística. Esa colaboración serviríanos para facilitar o contacto formal cos destinatarios da campaña, así como para publicitar mellor esta a través dos medios de comunicación, etc.; tamén achegaría un complemento no financiamento en caso necesario. Podemos dicir que, no momento de presentar este proxecto, dispoñemos do compromiso de colaboración asinado polo señor alcalde, así como do aval que representa o eficaz labor de colaboración levada a cabo na execución do proxecto NORMALIZACIÓN DO GALEGO NA HOSTALARÍA RIBADENSE, premiado na convocatoria destes proxectos de innovación lingüística no pasado curso 2006-07.

3. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Os habitantes do concello de Ribadeo continúan a ser maioritariamente galegofalantes, aínda que, coma no resto do país, asistimos á diferenciación de usos lingüísticos propia de situacións diglósicas e a un proceso de deterioración do galego oral e de perda de falantes asociada ao proceso de urbanización e perda de poboación no rural.

A combater esa diferenciación diglósica de usos da lingua, restrinxindo o galego para os ambientes familiares e menos formais, vai enfocado socialmente o proxecto que agora presentamos. Pensamos que pode facilitar un avance do galego nun terreo no que ata o momento estaba claramente infravalorado.

No centro educativo, a maioría do alumnado continúa a ser maioritariamente galegofalante. Con todo, tamén se dá con frecuencia esa diferenciación de usos que acabamos de comentar.

Tendo en conta esta realidade, figuran no PEC como obxectivos tendentes a lograr a normalización lingüística os de:

- a) Consolidar a lingua de partida da maioría dos rapaces/as, vencendo esquemas diglósicos.
- b) Atraer para o uso do galego aquel alumnado que non o utiliza habitualmente, tanto en forma oral coma por escrito.
- c) Contribuír a desterrar calquera tipo de prexuízo lingüístico en contra do galego no seo da comunidade educativa.

Pensamos que o propio proceso de elaboración de materiais, así como a observación da repercusión social do proxecto que agora se presenta, van contribuír, positivamente, sen dúbida, cara a un avance nese sentido.

4. OBXECTIVOS A CURTO E LONGO PRAZO

A curto prazo, como obxectivos internos, ou sexa, en relación co centro educativo, temos:

- a) Concienciar a comunidade educativa do IES, especialmente o alumnado, de que o **galego é unha lingua que pode servir perfectamente para desenvolverse en todos os campos**.
- b) Mostrar ante o alumnado **a aprendizaxe e utilización da nosa lingua ten interese e utilidade social**.
- c) Lograr que este tome conciencia de que **o futuro da lingua non vai ser indiferente á nosa actuación social concreta** e de que a nosa participación e uso individual van ser elementos positivos na recuperación de usos.
- d) En xeral, potenciar en toda a comunidade educativa as actitudes positivas cara ao noso idioma.

A medio e longo prazo, intentaremos buscar novas actuacións que sexan factibles de realizar para manter esa tensión a favor da normalización social do noso idioma, tan necesaria socialmente, e que consideramos que ten tamén unha translación positiva á hora de contribuír a un avance do galego internamente no centro educativo.

En canto ao medio social, o obxectivo concreto a curto prazo sería o de que a maioría dos profesionais e do tecido asociativo ao que se dirixe esta iniciativa se sumase á campaña, potenciando o aumento de usos do noso idioma. Como obxectivo a medio prazo, estaría o de que estes profesionais mantivesen o contacto co instituto, dende o que sempre se podería prestar axuda en caso necesario para continuar co avance normalizador.

Despois de levar a cabo no curso 2006-07 o proxecto NORMALIZACIÓN DO GALEGO NA HOSTALARÍA RIBADENSE, buscamos con este novo proxecto seguir contribuíndo a **vencer prexuízos e a eliminar barreiras en canto ao uso do idioma**, facendo posible un proceso de retroalimentación no ámbito educativo-sociedade a favor do proceso normalizador.

5. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

A campaña debería comezar cunha presentación pública conxunta IES PORTA DA AUGA – CONCELLO DE RIBADEO para explicar a iniciativa, finalidade, maneira de levala a cabo e organismos e institucións que apoian a campaña. Seguidamente, remitiríaselles a todos os profesionais e asociacións destinatarias desta unha carta-presentación da campaña. Feito isto, sería o momento de que unha persoa polo IES e outra polo Concello entrasen en contacto directo cos interesados, para concretar máis o traballo para realizar en cada caso particular e a forma de levalo a cabo, recollendo os materiais sobre os que traballar.

Unha vez en disposición deses materiais, o grupo de profesores implicados deberían proceder a unha clasificación destes por niveis de dificultade, para a súa posterior adxudicación por grupos de alumnos/as. Necesariamente, haberá que celebrar varias reunións entre ese grupo para resolver os problemas que irán aparecendo e que agora resulta prematuro sinalar.

Paralelamente, o profesorado participante, tras a difusión do proxecto entre o alumnado, recollerá os datos dos alumnos interesados en participar, para poder realizar parellas de traballo. Seguidamente, realizarase a adxudicación dos documentos para traducir. Antes de proceder ao labor de tradución ao galego, adestraranse os alumnos no manexo dos tradutores informáticos máis axeitados, así como dos posibles fallos aos que poden dar lugar. Finalmente, e antes de entregar cada documento, os alumnos deben revisar ortográfica e sintacticamente o documento completo, para corrixir os erros que seguramente conteñan. O labor de tradución levaríase a cabo, baixo supervisión do profesorado participante, fóra de horario de clase.

O profesorado implicado limitaríase así, en uso das 50 horas recoñecidas como de participación en actividades de formación, a realizar o labor de explicación e dinamización, asesoramento e supervisión final dos materiais elaborados. Prestarase atención a manter clara a **separación entre o labor do estudante e o do profesor, xa que a actividade quedaría desnaturalizada en caso de que o profesor pasase a realizar o labor correspondente ao alumno**. Por parte do coordinador, deberá coidarse de que esta circunstancia non chegue a producirse.

Debido ao carácter voluntario da participación do alumnado, non deberían sobrecargarse os participantes con traballo excesivo: como máximo 3-4 sesións de 2 horas ao longo das respectivas tardes. Ademais, no caso de obtención do premio, habería que custear, con cargo a unha fracción deste, a realización de actividades de motivación, como poden ser algunha viaxe lúdico-cultural, doazón de bens ou artigos de interese cultural..., que incidan a favor da normalización do noso idioma. Outra importante fonte de motivación para o alumnado será, sen dúbida, o recoñecemento do seu labor na presentación pública ante os medios de comunicación dos resultados da campaña, para realizar unha vez finalizados os materiais referidos, e listos para a súa entrega. Cada alumno/a poderá levar copia en formato electrónico dos traballos realizados, así como un diploma acreditativo da súa participación.

Para todos os aspectos organizativos comentados nos parágrafos anteriores, contamos coa valiosísima experiencia previa do proxecto GALEGUIZACIÓN DA HOSTALARÍA RIBADENSE. A súa execución representou unha enorme complexidade, coa presentación das cartas de menús de máis de 30 restaurantes en galego, español, inglés e francés. Partindo desa experiencia, os profesores e profesoras implicadas sentímonos capaces de levar adiante este que agora presentamos.

Aínda que resulta difícil concretar os tempos necesarios que, partindo da experiencia do curso anterior, seguramente excederán as 50 horas recoñecidas ao profesorado como de participación en actividades de formación, unha posible estimación inicial sería:

1) PREPARACIÓN:

- a) Recepción de documentación e organización desta buscando similitudes **(2 h)**.
- b) Práctica no manexo das ferramentas informáticas que poidan facilitar o traballo por parte do profesorado **(2 h)**.
- c) Explicación da campaña entre o alumnado, recollida de datos dos participantes, organización de grupos e asignación dos materiais para traducir por cada grupo. **(2 h)**.

2) REALIZACIÓN

- a) Presenza do profesorado participante no IES co alumnado, realizando labores de control e asesoría no proceso de elaboración de textos (martes ou xoves, de 16 a 18 h) (12 sesións por 2h/sesión = **24 h**).
- b) Corrección e garantía da calidade da tradución, para o que en ocasións haberá que facer consultas, etc. (1 h por cada unha das 12 sesións anteriores = **12 h**).
- c) Reunións de seguimento por parte do profesorado, para avaliar a marcha do proxecto e, se é o caso, detectar os aspectos para corrixir na execución deste e acordar medidas correctoras (2 reunións de 1 hora de duración = **2 h**).

3) VALORACIÓN E PRESENTACIÓN DOS RESULTADOS

- a) Reunión de planificación das actividades de motivación do alumnado **(1 h)**.
- b) Elaboración definitiva dos cuestionarios de avaliación da actividade, segundo se explica no punto número 7 deste proxecto, valoración de respostas e obtención de conclusións sobre a actividade realizada (3 reunións de 1 h = **3 h**).
- c) Reunión para a elaboración de diplomas e organización dos materiais para entregar como recordo da súa participación a cada alumno/a participante no acto de presentación pública da campaña, así como organización da participación dos membros da comunidade educativa do IES neste **(2 h)**.
- d) Participación no acto final de presentación de campaña **(1 h)**.

6. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NO INSTITUTO

a) Profesorado

Para a óptima realización do proxecto, faise necesaria cando menos a participación de suficiente profesorado especialista de lingua galega, así como dalgunha persoa con coñecementos avanzados en manexo de recursos informáticos. Neste momento, comprometen a súa participación as seguintes persoas:

-Alonso Leivas, Pilar.....Disciplina: Lingua e Literatura Galegas

- Díaz Estevez, Teresa “ : Física e Química
- López Fernández, Isabel..... “ : Lingua e Literatura Galegas
- Méndez Lombardía, Eva..... “ : Lingua e Literatura Galegas
- Polo Losada, Delia Remedios “ : Lingua e Literatura Galegas
- Coordinador: Martínez Pérez, AnxoDisciplina: Administración de Empresas

b) Alumnado

Dos máis de 250 alumnos/as que se matricularán este curso no IES, a actividade dirixirase especialmente ao alumnado de ESO e bacharelatos, dado que son os que contan con ensinanzas lingüísticas no seu currículo.

Para levar a cabo o proxecto GALEGUIZACIÓN DA HOSTALARÍA RIBADENSE estimabamos, no momento de presentación, deste a participación en arredor de 50 alumnos/as. Posteriormente, a participación real pasou desa cifra, chegando a 63 os alumnos/as participantes con asistencia regular, agás algunhas faltas por razóns comprensibles, como preparacións de exames e outras incidencias. Estimamos, a falta de sondaxe polas clases de cal pode ser o número de alumnos e alumnas interesadas, que poida estar entre esas cifras.

c) Recursos materiais

En canto aos recursos materiais, utilizaranse os libros, dicionarios, ordenadores conectados a internet... dos que se dispón, aínda que se poderá adquirir algún material bibliográfico específico, en caso de detectar algunha carencia.

7. COLABORACION COAS INSTITUCIÓNS DO CONTORNO

A colaboración principal establececerase co **Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ribadeo**. Conxuntamente, realizarase o contacto cos profesionais e asociación aos que se dirixe a campaña e colaborarase na solución dos problemas que se poidan presentar.

Achegamos documento xustificativo do **compromiso** de colaboración por parte do Concello de Ribadeo.

8. PLAN DE AVALIACIÓN

Realizarase unha **avaliación continua** da marcha do proxecto a través das reunións do **profesorado** participante, dos intercambios de opinión cos **alumnos/as** participantes e dos contactos co **Servizo de Normalización Lingüística** do Concello de Ribadeo.

Ao final do proxecto, entregaranse os respectivos **cuestionarios anónimos** para cubrir polo alumnado, profesorado e profesionais/asociacións. Os cuestionarios deberán estar **correctamente realizados dende do punto de vista técnico**, con base en preguntas semi-abertas ou semi-cerradas e de avaliación, fáciles de contestar e que permitan a obtención de información obxectiva e fácil de manexar para extraer conclusións válidas

en canto aos aspectos referidos ao traballo feito, dificultades encontradas e aspectos para corrixir. De presentar un borrador de cuestionarios encargárase o coordinador do proxecto. Igualmente, coa mesma finalidade, pasaráselle un cuestionario ao/á responsable do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ribadeo.

Os resultados dos cuestionarios tabularanse coa colaboración do alumnado participante, para posteriormente, por parte do profesorado participante, obter **conclusións válidas de cara a mellorar no futuro en todo o referido a actividades** de colaboración similares con alumnado, sectores sociais e institucións en particular e no referido a actividades de normalización de usos da lingua en xeral.

Outros aspectos referentes á avaliación final virán dados por:

- a) número de profesionais/asociacións interesados na campaña,
- b) número de alumnos/as,
- d) repercusión público-mediática da campaña.

9. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Consideramos que o **profesorado participante**, ao ser **especialista en lingua galega**, xa ten a formación necesaria para abordar este proxecto, polo que **non se consideran necesarias actividades de formación específica**. Aínda así, intentarase manter contactos con institucións e organismos vinculados cos ámbitos nos que imos traballar, de cara a recoller a experiencia acumulada por eles.

10. MEDIDAS PARA A DIFUSIÓN DO PROXECTO

Unha vez que os materiais estivesen rematados e listos para o seu repartimento entre os profesionais e as asociacións adheridas, realizarase unha **presentación pública con participación do alumnado, profesorado, profesionais e asociacións acollidas e representación institucional do IES Porta da Auga e do Concello de Ribadeo**. A esa presentación estarían invitados os pais e nais dos alumnos/as participantes.

Así mesmo, entregaríaselle a cada alumno e alumna participante copia informática da documentación elaborada e diploma acreditativo da súa participación.

Ribadeo, 31 de xullo de 2007

O DIRECTOR

O COORDINADOR

Alfonso Piñeiro Funcasta

Anxo Martínez Pérez